

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP de Agolada

1. Introducción	4
2. Lexislación	5
3. Comisión de Convivencia	5
4. Aula de convivencia inclusiva	7
5. Principios de intervención	8
6. Destinatarios	9
7. Análise da situación da convivencia do centro	9
7.1. Características do Centro e do entorno	9
7.2. Situación da convivencia no Centro	10
7.2.1. O contorno físico	10
7.2.2. O contorno social e cultural	10
7.2.3. Os tipos de conflitos máis frecuentes	11
8. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia no centro	12
8.1. Alumnado	12
8.2. Profesorado	12
8.3. Centro	12
9. Detección de necesidades	13
10. Obxectivos do Plan de Convivencia	13
10.1. Obxectivos xerais	13
10.2. Obxectivos específicos	14
10.2.1. Obxectivos para o Profesorado	14
10.2.2. Obxectivos para o Alumnado	15
10.2.3. Obxectivos para as Familias	14
11. Accións para a consecución dos obxectivos	16
12. Normas de convivencia	16
13. Dereitos e deberes de convivencia e participación	17
13.1. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores	17
13.2. Dereitos e deberes do Alumnado	17
13.3. Dereitos e deberes do Profesorado	18
13.4. Dereitos e deberes do Persoal de Administración e de Servizos	19
14. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección	20
14.1. Clases de condutas contrarias á convivencia	20
14.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	20
14.3. Condutas leves contrarias á convivencia	21
14.4. Prescrición das condutas contrarias á convivencia	22
15. Medidas correctoras	22
15.1. Principios xerais das medias correctoras	22
15.2. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras	23
15.3. Procedementos conciliados de resolución dos conflitos	23
15.4. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	24
15.5. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia	24
16. Procedemento para a imposición das medidas correctoras	25
16.1. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	26
16.2. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia	26
16.3. Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores	26
17. Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar	27
18. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso	27

1. INTRODUCCIÓN

A Convivencia nos centros docentes constitúe un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén as relacións entre o propio alumnado, o que levou a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de legislar para reforzar os instrumentos xurídicos que permitan acadar e manter un clima de convivencia de calidade.

Sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permite o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e das familias. Para conseguir este obxectivo é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa. Os pais/nais e titores/as teñen especial corresponsabilidade nesta tarefa.

Con este Plan de Convivencia Escolar do CEIP de Agolada pretendemos establecer a liña de traballo a seguir en materia de convivencia e establecer as normas que a regulamentarán. Neste documento reflectiremos as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do plan.

O marco legal existente destaca a prevención e recoñece o papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura da paz. A cultura da paz incorpora unha serie de valores, comportamentos, actitudes, prácticas, sentimentos e crenzas que rexeitan a violencia e promoven o diálogo e a reflexión de toda a comunidade educativa sobre o modelo de convivencia que desexamos para o noso centro. Tras ser examinado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica dáse a coñecer no Consello Escolar.

Levar a práctica este plan supón o compromiso de desenvolver a cultura da paz na nosa comunidade educativa.

É fundamental para a efectividade do plan que sexa coñecido e asumido por todas e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente.

Este Plan de Convivencia pretende recoller o desenvolvemento dos fins e principios establecidos na Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Teremos especial interese en integrar o principio de igualdade entre mulleres e homes e estableceremos as necesidades, obxectivos, as directrices

básica de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O Observatorio de Convivencia do Centro será a estrutura de apoio permanente encamiñada a reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e a deseñar estratexias que fomenta a cultura da paz e a mellora do clima de convivencia escolar.

2. LEXISLACIÓN

- Constitución Española: Artigo 27.2
- Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura da Paz; 6-10-99)
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento da educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005)
- Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo)
- Acordo interinstitucional para a posta en marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia (30-01-2007)
- Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego de Convivencia Escolar. (DOG do 8 de maio de 2007).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

COMPOSICIÓN

Este órgano, elixido de acordo ao artigo 5 apartado a) do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, está composto por:

O Director: Luís Vázquez Rojo

A Xefa de Estudos: Ana Isabel López Rodríguez

Unha profesora: Montserrat Senra García

Un representante da ANPA “Agromar” do Colexio: Francisco Javier Rial Sánchez

Un representante do Persoal non docente: Natalia Vázquez Mogo

Esta Comisión constitúese no seo do Consello Escolar e terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, no plan de convivencia e nas normas de convivencia de cada centro e realizará as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Esta comisión solicitará, se o estima oportuno, o asesoramento do Departamento de Orientación do Centro.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

- Dinamización do Plan de Convivencia do centro
- Elaboración un informe anual da análise da convivencia
- Información periódica ao Consello Escolar
- Coordinación das actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Proposición á Administración educativa das medidas oportunas para a mellora da convivencia

PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS.

Esta comisión reunirse dúas veces cada curso. Unha ao remate do 1º trimestre e outra ao finalizar o curso.

4. PLAN DE ACTUACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no artigo 19 sinala que os centros crearán aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación, que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Por outra parte, sinálase no artigo 18 que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantindo o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurando a mellora da convivencia no centro docente. Tamén, terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

Consideramos pois que esta aula de convivencia inclusiva poñerase en funcionamento cando as circunstancias así o esixan.

Obxectivos:

- Dotar ao centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.
- Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, debe ser privado de asistencia durante determinados momentos, materias ou días.
- Xestionar de xeito coordinado os conflitos do centro ofrecendo respostas adaptadas.

Características:

- Terá unha dobre vertente, reflexiva e de traballo.
- Só se atenderá un/unha alumno/a cada vez.
- Este alumnado será atendido polo profesorado de garda.

5. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

A convivencia, interrelación entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa, vai depender das distintas características dos membros que compoñen a comunidade, así como da forma de relacionarse que prevalece na mesma. O centro é un ente dinámico e cambiante, no que coexisten diversos grupos humanos, polo tanto, o clima de convivencia que se establece no mesmo tamén é cambiante. Este vai ser froito dun proceso de construción colectiva e requirirá da implicación de todos os membros da nosa comunidade.

A convivencia ocasiona en ocasións problemas e conflitos cos demais. No noso centro entendemos a convivencia escolar como a interrelación entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa. Esta interrelación ten lugar nun espazo determinados, a escola, e implica ás persoas que integran a comunidade educativa que serán os que asentem as bases da convivencia nun marco de comunicación, respecto e valoración da diversidade. Implicará asumir compromisos e desenvolver actitudes tolerantes.

É importante educar ao alumnado para facer fronte aos conflitos promovendo actitudes de aceptación, respecto, diálogo e consenso. Implicarse na resolución de conflitos enriquece ás persoas e permite preparar ao alumnado para a vida adulta.

O fundamento do plan será a prevención dos posibles problemas creando un clima que evite a aparición de todos aqueles episodios que poidan perturbar a convivencia. O decisivo é conseguir que a intervención non sexa só unha reacción ante un posible conflito na convivencia, senón tamén procurará favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais que faciliten o feito de convivir cos demais. Determinar os medios para identificar aquelas situacións que supoñan un problema e fomentar unhas boas relacións interpersoais evitará a aparición de problemas de convivencia. Neste sentido é importante consensuar e clarificar as normas que van ser o marco das relacións no centro. A resolución de conflitos nalgún caso esixirá adoptar o modelo sancionador e noutro o relacional, baseado no diálogo e o consenso.

6. DESTINATARIOS

O Plan de Convivencia ten como destinatarios todos os membros da Comunidade Educativa:

- Nais, pais ou titoras ou titores
- Alumnado
- Profesorado
- Persoal de administración e de servizos

7. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA DO CENTRO

• CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ENTORNO

O CEIP de Agolada está situado na vila de Agolada (Pontevedra). É un centro de 8 unidades, dúas de Educación Infantil e seis de Primaria. Conta cun total de doce profesores, orientadora, dous profesores compartidos con outros centros, unha auxiliar coidadora, unha cociñeira e unha axudante de cociña, profesorado que colabora no comedor escolar. O centro escolariza un total de 82 alumnos/as que se distribúen nos distintos niveles.

Consta de transporte para o alumnado procedente das vinte e catro parroquias do concello e de servizo de comedor de xestión directa.

O colexio comezou a funcionar como tal sobre o ano 1975, cando se realizaron as agrupacións escolares. No ano 1996 sufriu unha importante remodelación para adaptalo á lexislación vixente naquel momento e dotalo de ascensor. O seu grao de conservación é moi bo. O centro ten espazos amplos e instalacións axeitadas.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefa de Estudos e Secretaria), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesores) e polo Órganos de Coordinación Docente (Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega).

O centro conta cun profesorado moi dinámico é bastante estable, gran parte do profesorado é definitivo. Este feito contribúe no clima de convivencia existente entre os distintos profesores/as do centro sen grandes conflitos.

A maioría da poboación escolar que recolle pertence a familias que encontran no sector primario o principal medio de subsistencia, así como en actividades do sector terciario e nalgún caso profesións liberais. O prototipo dominante das familias do alumnado do centro ten unha estrutura convencional, aínda que hai que resaltar a existencia, cada vez máis común, de familias monoparentais. O nivel socioeconómico cultural

é medio-baixo, aínda que hai un sector de proxenitores cun nivel de estudos superior. En xeral o ambiente familiar é estable, sen grandes conflitos, aínda que tamén hai un porcentaxe de familias cun grao de desestruturación considerable. Estes feitos repercuten na marcha escolar.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria do concello, existe unha porcentaxe moi pequena de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira procedente de Brasil.

En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co colexio. Existe unha Asociación de nais e pais moi participativa e colaboradora co Colexio.

A vila na que se sitúa o centro conta cos servizos adecuados para satisfacer as principais necesidades da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, comunicacións. A oferta cultural e de ocio é escasa.

• **SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

Factores externos que inflúen na convivencia:

7..1. CONTORNO FÍSICO

A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos. O colexio ten varios pisos e numerosas escaleiras que, en moitas ocasións, orixinan problemas xerados por un comportamento inadecuado, ao subir e baixar as mesmas, que favorece a falta de respecto.

Ademais a distribución dos espazos do patio é susceptible de xerar conflitos.

O uso de espazos comúns é, en ocasións, fonte de problemas debido á falta de criterios comúns para a utilización dos mesmos.

7..2. CONTORNO SOCIAL E CULTURAL

Constatamos unha falta de conciencia e coñecemento do contorno cultural existente. Ademais a oferta cultural deste concello é puntual e pouco sistemática.

En liñas xerais a situación actual da convivencia no noso centro é boa e satisfactoria. A relación con outras institucións do contorno, como o Concello, é correcta. Existe unha estreita colaboración cos Servizos Sociais.

O Concello encárgase da limpeza e dos gastos de luz, e do mantemento do ascensor e pararraios do centro. Tamén realiza actuacións de mellora e conservación do edificio.

A participación do Concello canalízase a través do seu representante no Consello Escolar do Centro.

Existen varias asociacións no contorno coas que se establecen relacións de distinta índole como o Servizo de Atención Temperá.

A relación entre o profesorado é fluída e agradable.

A relación coas familias é en xeral bastante fluída. Existen nais/pais que es implican e colaboran en gran maneira. Sen embargo, outro grupo, debido a distintas e variadas razóns, non colabora tan activamente nin se implican no proceso educativo do seu fillo/a.

Entre o alumnado non se observan serios problemas, aparecendo algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

8. OS TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES SON:

- ALUMNADO:
 - Comportamentos disruptivos na aula: levantarse sen permiso, falar cos compañeiros, etc.
 - Problemas no patio relacionados coa distribución dos espazos
 - Distraccións e falta de atención.
 - Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
 - Perda de respecto entre iguais, e perda do respecto ao profesor durante o período lectivo.
 - Excesiva competitividade.
 - Desobediencia ás ordes educativas do profesor.
 - Baixo grao de aceptación do “diferente”.

- PROFESORADO:
 - Mobilidade do profesorado que inflúe na asunción de determinados compromisos tomados polo claustro. Doutra banda esta mobilidade é enriquecedora, pois aporta novos puntos de vista.
 - Unicidade de criterios. Cumprimento desigual dos criterios adoptados

- PAIS, NAIS, TITORES E TITORAS
 - Tendencia a xustificar aos fillos/as con respecto ao incumprimento das normas.
 - Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.

9. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA NO CENTRO:

As actividades que se veñen realizando neste centro relacionadas directa ou indirectamente coa convivencia son as seguintes:

- **ALUMNADO**

- Posta en práctica do Plan de Acollida ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.
- Participación na elaboración das normas da aula. Difusión e coñecemento das normas.
- Participación nas festas, saídas, excursións, teatro, convivencias, etc. Nestas actividades, m nas que a convivencia é a tempo completo, é onde principalmente se pode fomentar o valor do respecto cara aos demais.

- **PROFESORADO**

Metodoloxía: traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores, etc.

- Difusión das normas entre o alumnado e debate das mesmas.
- Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.
- Reunións coas familias co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información, etc.
- Convivencia co alumnado en contextos distinto ao escolar: festas, saídas, excursións, convivencias, festivais e celebracións.

- **CENTRO**

- Organización de actividades para a acollida do novo profesorado desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunión co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
- Difusión das normas de convivencia e revisión cada curso das mesmas, procurando actualizalas ás novas situacións.
- Elaboración dos distintos documentos: PE, PAT, PAD, POE, Plan de Acollida, etc.
- Organización de actividades lúdicas de convivencia do profesorado.

- Fomento da apertura do centro nas actividades máis sinaladas.
- Reserva de espazos e tempos para a comunicación entre familia e equipos docentes.

ACTIVIDADES PUNTUAIS

As festas: O Nadal, Día da Paz, Entroido, etc.

10. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Necesidades de formación relacionadas con negociación, mediación e xestión en conflitos. Sen embargo consideramos que a formación debe estar dirixida a todos os compoñentes da comunidade educativa: familias, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos.

11. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

11.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia do centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar no Centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no cumprimento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente o acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

11..2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

11..2.1. PARA O PROFESORADO

- Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
- Preparar ao alumnado para a vida futura.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir unha educación nos valores democráticos.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais que lles permitan comprender os diferentes puntos de vista e convivir en sociedade, fomentando o diálogo e a comunicación.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- Fomentar e velar polo cumprimento das normas.
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos de medidas de corrección.
- Previr, detectar, tratar e realizar un seguimento daquelas manifestacións de violencia e acoso escolar que se poidan producir no centro.
- Posuír a información sobre o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
- Conseguir a formación necesaria para afrontar debidamente a provención e resolución de conflitos.
- Mediar na resolución pacífica dos conditos e utlízalos como fonte de aprendizaxe.

- Coñecer os deberes e dereitos de cada sector da comunidade educativa.
- Inculcar ao alumnado e ás familia que o desenvolvemento dos dereitos vai acompañado do cumprimento dos deberes cara os demais.

11..2.2. PARA O ALUMNADO

- Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor evitando calquera tipo de discriminación.
- Asumir o compromiso coas normas de convivencia do centro.
- Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados na escola de xeito pacífico.
- Implicarse na procura de solucións ao posibles conflitos.
- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno, así como no uso e coidado do material e das instalacións.
- Manifestar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade cara os demais.
- Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.
- Adquirir e utilizar habilidades sociais que lles permitan poñerse no lugar dos demais, defender as súas posturas e convivir en paz.
- Coñecer os seus dereitos e deberes.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.

11..2.3. PARA AS FAMILIAS

- Implicarse no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Colaborar activamente co profesorado para conseguir un mellor desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as.
- Participar e colaborar co centro educativo nas medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Coñecer os dereitos e deberes dos seus fillos/as como membros da comunidade educativa.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, Observatorio da Convivencia.

- Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para previr os mesmos.

12. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- Actuacións preventivas.
- Actividades para a integración e participación do alumnado.
- Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
- Actividades de sensibilización fronte o acoso escolar.
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade de homes e mulleres.
- Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente, distintos equipo docentes e a orientadora.
- Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de novo ingreso.
- Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou doutro tipo.

13. NORMAS DE CONVIVENCIA

Para poder levar a cabo o labor docente con éxito, é necesaria a existencia dunha normas que fomenten un clima que favoreza o proceso de aprendizaxe. Para que se dean esas condicións faise necesaria a existencia dunhas normas, recollidas nas **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEIP DE AGOLADA**. Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de infracción. É importante que quen sexa sancionado coñeza de antemán a vinculación entre a infracción da norma e consecuencia da mesma.

14. DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación:

13.1. DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

1. DEREITOS DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

13.2.DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

1. DEREITOS DO ALUMNADO:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. DEBERES BÁSICOS DE CONVIVENCIA DO ALUMNADO:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

13.3.DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.

1. DEREITOS DO PROFESORADO:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e

experiencias pedagógicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. SON DEBERES DO PROFESORADO:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

13.4. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.

1. DEREITOS DO PERSOAL DE ADMINITRACION E DE SERVIZOS:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas función.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. SON DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

15. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

14.1. CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

- 1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.
- 2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.
- 3. Considerarase conduta contraria á convivencia o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos, de acordo co artigo 19 punto 4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

14.2. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

14.3. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

- c) A inasistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

14.4. PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

16. MEDIDAS CORRECTORAS

15.1. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas

nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

15.2. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

15.3. PROCEDEMENTOS CONCILIADOS DE RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS.

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras

dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.
4. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

15.4. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
1. f) Cambio de centro.

15.5. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión,

o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

17. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

16.1. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.

2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.

6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

16.2. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta lei. b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 desta lei.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 desta lei.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta lei. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

16.3. RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

18. PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar

A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras..

19. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

- a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- c) En caso de detección dunha situación de acoso escolar tomaranse as medidas necesarias para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións
- e) As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer

fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

20. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Aprobación e difusión do Plan de Convivencia no Consello escolar e posterior incorporación ao Proxecto Educativo.

O Observatorio de Convivencia realizará o seguimento do mesmo, valorará avances e dificultades do Plan. Ademais realizarase un seguimento da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Realizarase unha avaliación do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución de obxectivos.
- Actuación e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados. Conclusións e propostas de mellora, que serán recollidas no informe anual de análise da convivencia.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada..
- Realizarase unha revisión anual do Plan a comezos de cada curso escolar para engadir modificacións.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cuestionarios, rexistros do cumprimento do establecido e a observación directa.

Este Plan de Convivencia foi aprobado polo Consello Escolar na reunión ordinaria do día oito de outubro de dous mil quince.

A DIRECCIÓN

